



RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

BEB/mge

A Deputada Delegada, en virtude das competencias delegadas da Presidencia por Resolución nº 2016007829 no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN,

Vista a solicitude da Asociación Érguete co CIF: G36644226 e domicilio fiscal en Avenida Martínez Garrido C.P.36205 Vigo, na que interesa axuda económica para o proxecto "Coñece-Decide", e visto o informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación suficiente,

RESOLVO:

Aprobar o gasto de 15.000,00 (quinze mil euros) para o obxecto citado, con cargo á aplicación orzamentaria 18/231.2313.480.02 RC nº 201800061579 que se achegarán á entidade Asociación Érguete co CIF: G36644226.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario, unha vez que se xustifique o importe da subvención concedida, integrada pola seguinte documentación:

1. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, orixinais ou fotocopias cotexadas, que reúnan os requisitos legais esixidos por Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

O pago das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non telo feito antes, no prazo máximo dun mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio en todo caso cando o importe de cada factura supere os 900,00 € e no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que so se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

2. Conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 15.000,00 e realizados no desenvolvemento da actividade, tal como establece o art. 30 da Lei 38/03 xeral de subvencións.

Neste documento detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poñan de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, tal e como se establece nas bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible en www.depo.gal).

3. Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade con expresa mención dos resultados obtidos e, se fose posible, indicación de se se cumpriron os obxectivos propostos.
4. Xustificación do cumprimento da obriga de difusión do seu financiamento pola Deputación.

A subvención concedida deberá xustificarse antes do 31 de xaneiro de 2019.

A concesión desta subvención é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que se leve a cabo.

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención. Poderá comprobarse a realización da finalidade subvencionada, a efectiva aplicación dos fondos a súa realización e o cumprimento das demais obrigas que implica a concesión da subvención, para o que

poderá levar a cabo as actuacións previstas na normativa de Subvencións así como o resto de normativa concordante, mediante o correspondente control financeiro.


O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

Pontevedra, 14 de maio de 2018

O secretario

Por delegación á Xefa de servizo de cohesión social e xuventude
segundo R.P. n.º 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016.



G36644226 ASOCIACIÓN ÉRGUETE

